

Proxecto Pesquería de POLBO 2016

Propostas Reunións Zonais.



O Proxecto

A Federación Galega de Confrarías de Pescadores e OPAGA promoven este proxecto de “Avaliación da pesquería do polbo en Galicia 2016” co obxectivo de - Coñecer a opinión de tódalas partes, contrastar posibles solucións e acordar un calendario para a creación dun novo marco plurianual de xestión da pesqueira do polbo capturado con nasas pola flota de artes menores de Galicia -.

Accións do proxecto:

1. Enquisa entre os pescadores de polbo para coñecer a súa valoracións sobre a pesquería.
2. Reunións zonais para acordar propostas para un novo marco de xestión.
3. Seminario Final onde se esperan atopar as directrices ou recomendacións consensuadas entre todas as partes implicadas na pesquería (sector pesqueiro, administración, científicos e ONGs) para promover os cambios necesarios na xestión futura.

Desenvolvemento do Proxecto

AS REUNIÓN: reunións co sector (P.M. e representantes) e as outras partes implicadas na pesquería, para analizar o resultado da enquisa e acordar os temas importantes a tratar no Seminario Final.

Zona Norte:(Ribadeo-Caión) **27 XUÑO ás 11:00** En Celeiro-Local da confraria

Zona Centro: (Malpica-Rianxo) **29 XUÑO ás 11:00** En Ames-sede da Federación Galega

Zona Sur: (Carril-A Guarda) **30 XUÑO ás 11:00** En Arcade-sede da Federación Provincial

Reunión por zonas

1-Analízanse os resultados das enquisas

2-Propuxéronse distintos temas a tratar no Seminario final do proxecto (contidos e estrutura), co obxectivo de acadar unha estratexia común para o futuro.

BLOQUES TEMÁTICOS:

- **Comunicación /Participación/ Coxestión/ Gobernanza**
- **Información/Monitoreo**
- **Organos de xestión/Grupos de traballo e asesoramento**
- **Estudos e Investigación**
- **Comercialización e Estratexias de valoración**
- **Control e seguimento**
- **Outros**

Reunión por zonas

1. Comunicación /Participación/ Coxestión/ Gobernanza

- Mellorar o funcionamento da comisión de seguimento.
- Transparencia e divulgación da información entre os participantes do plan e coa sociedade.
- Maior participación de todos os axentes, busca do consenso e implicación individual no desenvolvemento de medidas.

Reunión por zonas

2. Información/Monitoreo

- Incorporar indicadores de seguimiento.
- Información completa e consensuada como ferramenta ante a desconfianza na xestión.
- Necesidade de incorporar o coñecemento técnico (biolóxico e socioeconómico) no seguimento do plan, e para a realización de propostas fundamentadas.

Reunión por zonas

3. Órganos de xestión/Grupos de traballo e asesoramento

- Órgano de Xestión representativa e que vele polo obxectivo dunha pesquería sostenible e rendible. E reunións periódicas da comisión de seguimento
- Grupos de traballo de asesoramento do plan con técnicos independentes. Posibles grupo de científicos, grupo de comercialización e grupo de comunicación.
- Creación de mecanismos que flexibilicen a modificación e aplicación de medidas.

Reunión por zonas

4. Estudos e Investigación

- Consensuar e definir obxectivos do plan para acordar as necesidades de mellora do coñecemento.
- Actitude propositiva dos participantes no plan, e unha atención real ás demandas para mellorar a información.
- Mellorar o coñecemento biolóxico do polbo: (Ciclo B, comportamento, hábitats, zonas de pesca, interaccións co meio....)
- Estudos socioeconómicos: (Rendibilidade sostenible da pesquería, eficacia ou repercusión económica dalgunhas medidas como as vedas, aumentar o coñecemento dos mercados e das pesquerías de polbo existentes....)

Reunión por zonas

5. Comercialización e Estratexias de valoración

- Estratexia común de comercialización a longo prazo coa implicación do sector e apoio da administración.
- Coñecemento do mercado (prezos, oferta-demanda, importacións..) e do consumidor. Alternativas a comercialización e transformación.
- Estratexia de diferenciación e valoración do produto
- Vixilancia e control da trazabilidade.

Reunión por zonas

6. Control e seguimento

- Busca de normas de control sinxelas, consensuadas e fundamentadas.
- Busca da eficacia e a flexibilidade na aplicación das normas, coa implicación real de todas as partes no seu cumprimento, facilitando a operativa de traballo.
- Vixilancia durante a operativa de traballo e na venta (porto, mar e lonxa)
- Control na venta do polbo conxelado (orixe e trazabilidade)

Reunión por zonas

7. Outros

- Cambio de relación entre as partes, mellorar a comunicación e a participación.
- Demandase formación para o sector, no coñecemento da especie, da interacción co medio e doutros aspectos que afectan a xestión da pesquería.
- Xestión do ecosistema. Estudio das relacións ecolóxicas entre especies e artes.
- Informar mellor o sector pesqueiro co reto de involucrar o pescador no desenvolvemento do plan.